A lóxica convencional é un sistema de regras e axiomas que, independentemente do contido das premisas e do contexto no que se presenta un argumento, prescribese cando un argumento é válido e cando é incorrecto. Polo tanto, conduce a conclusións necesarias, nun sistema de verdadeiro ou falso. Agora ben, as persoas non interpretamos as premisas sobre as que debemos razoar desa forma restritiva. Pola contra, no mundo real utilizamos unha serie de cuantificadores probabilísticos ou non convencionais e modificadores ou marcadores lingüísticos, que serven para matizar a pertenza ou non pertenza a unha categoría e para establecer as relacións dun conxunto. En definitiva, utilizámoslos para modular o noso razoamento pragmático.

2) asociacións pragmáticas ou efectos do coñecemento previo e 3) *saliencia atencional* de características da propia tarefa. Sobre esta información operan procesos analíticos.

En síntese, a teoría de procesos heurísticos-analíticos propón que as persoas razoamos a partir de representacións da información do problema que se nos presenta como psicoloxicamente relevante. A relevancia estaría determinada por procesos heurísticos, rápidos e preconscientes.

Aínda que nun primeiro momento Evans non especificou cales poderían ser os procesos analíticos, recentemente levou a cabo un esforzo por lograr unha integración teórica na área de razoamento, sinalando que: 1) a elaboración de modelos mentais, defendida pola teoría de modelos mentais, podía ser unha firme candidata para os procesos analíticos da súa propia teoría e 2) os efectos de focalización que se formulan dende a teoría de modelos mentais en razoamento e toma de decisións para explicar a información que se representa nun modelo son similares ao seu concepto de relevancia.

## ACTIVIDADES

---

- Comentar un texto de actualidade e interese xeral
- Expresar o contido do texto mediante un razoamento disxuntivo
- Formular as premisas e a conclusión deste
- Facer as mesmas tarefas cun razoamento condicional
- Deseñar unha tarefa experimental das catro tarxetas co contido do texto
- Deseñar unha tarefa experimental similar o problema Thog con ese contido
- Aplicar os coñecementos aprendidos nas prácticas experimentais previas o contido do texto proposto
- Explicitar as diferenzas no tipo de razoamento que se require para resolver as diferentes tarefas experimentais

## AVALIACIÓN

---

Os contidos teóricos avaliaranse a través de exames tipo proba obxectiva. As preguntas terán catro alternativas e só unha será correcta.

Un exemplo de pregunta podería ser o seguinte:

Sinala a alternativa FALSA

- a. Os nesgos no razoamento humano poden ser adaptativos.
- b. A teoría de modelos mentais ten un enfoque pragmático do razoamento humano.
- c. As lóxicas naturais son formulacións sintácticas do razoamento.
- d. A teoría de esquemas é unha teoría específica de dominio.

Os contidos prácticos avaliaranse pola participación activa nas clases prácticas e mais por un informe individual que deberá presentarse ao remate das actividades docentes do segundo cuadrimestre.

O esforzo do estudante será avaliado mediante un proceso de avaliación continuada.




Figura 2. Modelo heurístico-analítico de Evans (Evans, 1984, 1989).

Esta consideración de dous estadios -heurístico e analítico- no razoamento ten as súas orixes no que se coñece como teoría do proceso dual. Nela distingúanse procesos tipo 1 e procesos tipo 2, en razoamento. Os primeiros eran non conscientes, non verbais e non accesibles a informes introspectivos. Os segundos eran procesos de razoamento analítico, procesos explícitos que servían aos suxeitos para explicar racionalmente as súas respostas, de forma consistente co seu coñecemento da situación. Os procesos tipo 1 corresponderían, na versión posterior, ao estadio heurístico e os procesos tipo 2 daríanse no estadio analítico.

A teoría de procesos heurísticos-analíticos desenvolve e amplía estas formulacións. Recentemente, o propio Evans resume a súa teoría sinalando que:

*“O razoamento procede en dous estadios: un estadio heurístico, no cal heurísticos pre-conscientes serven para seleccionar aspectos da información do problema como ‘relevante’, e un estadio analítico, no cal as deducións se realizan baseadas na información seleccionada. Os nesgos acontecen, de acordo con este punto de vista, ou ben porque a información loxicamente relevante non é representada no estadio heurístico ou ben porque se inclúe información loxicamente irrelevante. Esencialmente, as persoas cometen erros en razoamento porque pensan selectivamente.”* (Evans, 1995, p. 148).

Os procesos heurísticos son pre-atencionais, rápidos e, ao ser pre-conscientes, non podemos informalos. Estes heurísticos seleccionan a información relevante en función de diversos factores: 1) supostos lingüísticos,

Ademais, moitos dos problemas que se nos presentan na vida real non están ben definidos, algunhas premisas están implícitas, non está claro cales son os seus obxectivos ou os medios que debemos aplicar para chegar á solución correcta e mesmo implican incerteza acerca de se se chegou ou non á mellor solución posible.

En xeral, considérase que o razoamento formal é equivalente, en certo modo, a un razoamento matemático, conceptual, necesario, deductivo, algorítmico, baseado na forma do argumento e basicamente académico. Pola contra, o razoamento informal é non matemático ou non cuantitativo, empírico, contingente, non deductivo, heurístico, baseado no contido das premisas e conectado co razoamento cotián.

De feito, na vida real os criterios formais e lóxicos son de dubidosa utilidade (de Vega, 1981, 1983) e xorden entón unha serie de heurísticos que utilizamos a cotío, porque son *eficientes e adaptativos nos ámbitos ecolóxicos e sociais en que aparecen* (De Vega, 1984). Non obstante, tamén poden levarnos a erros e nesgos no razoamento. Perkins recoñece tres tipos de erros no razoamento cotián: 1) erros formais ou falacias lóxicas 2) falacias informais e 3) erros na modelaxe ou simulación mental da situación, que pode ser incompleta, estar nesgada ou ambas as dúas cousas á vez.

### 3. Teoría de esquemas

Un dos resultados máis contrastados na literatura é a influencia de factores de contido e de contexto e, en xeral, de factores pragmáticos no razoamento. Dende mediados dos anos 80 xorde unha aproximación pragmática ao estudo do razoamento. O obxectivo deste marco teórico non é resolver temas relacionados con pragmática lingüística, senón proporcionar respostas a cuestións como as seguintes: que papel xogan o contido e o contexto no razoamento? Como utilizamos o coñecemento previo, almacenado en memoria, para elaborar inferencias? Ou, de xeito máis amplo, como accedemos, no noso razoamento cotián, ao coñecemento relevante que nos permite alcanzar os nosos obxectivos?

Dende esta perspectiva formuláronse teorías xerais, segundo as cales as persoas utilizan esquemas de razoamento pragmático tanto para resolver tarefas de razoamento deductivo como de razoamento indutivo.

Lehman & cols. (1993) resumen as características comúns destas teorías sobre razoamento: 1) son sistemas de regras altamente abstractas, 2) supoñen un nivel intermedio de explicación, xa que non son independentes dos tipos de relacións e obxectivos, como os sistemas sintácticos de regras formais, 3) non son regras específicas de contido, senón principios xerais que se aplican a dominios concretos (permisos, obrigas, etc.), 4) non coinciden no papel que lle atribúen ao coñecemento no razoamento cotián cos enfoques teóricos centrados na recuperación de experiencias específicas dende a memoria e 5) consideran que se pode mellorar o razoamento cotián por medio de adestramento formal con esquemas de razoamento pragmático.

Algúns dos autores que defenden estas teorías específicas de dominio introduciron en psicoloxía do razoamento un vello concepto, o *esquema*, amplamente utilizado en diferentes áreas da psicoloxía.

### 3.1. O concepto de esquema

O construto teórico de esquema está intimamente vinculado ao desenvolvemento de modelos cognitivos sobre a representación e a utilización do noso coñecemento do mundo. Ten as súas orixes históricas na concepción kantiana de que a mente posúe unha serie de concepcións *a priori* sobre o tempo, o espazo tridimensional, etcétera, que guían a nosa percepción do mundo.

En psicoloxía evolutiva, o concepto foi utilizado por Piaget. No ámbito da psicoloxía cognitiva, os traballos de Bartlett son os antecedentes máis claros de liñas de investigación posteriores, centradas no estudo da organización do coñecemento en memoria e do modo en que inflúe o coñecemento previo no recordo e a comprensión de textos.

A publicación en 1975 dos traballos de Minsky, Rumelhart, Schank e Abelson orientou a investigación cara ao estudo da organización do coñecemento en unidades de alto nivel en memoria e da forma en que algunhas destas representacións inflúen na percepción visual (*marcos*), na nosa conduta en situacións cotiás (*guións cognitivos*), na elaboración de estereotipos e roles, na comprensión de historias (*gramáticas de historias*) e, en xeral, na comprensión e o recordo de textos.

Os esquemas son *estructuras de coñecemento que guían o suxeito que comprende nas súas interpretacións, expectativas e atención* (Graesser e Nakamura, 1982, p.60). A pesar da diversidade de termos que se utilizaron para referirse a distintos tipos de esquemas todos eles teñen unha serie de características comúns: a) son representacións de coñecemento de diferentes niveis de abstracción, b) teñen un sistema de organización xerárquico (un esquema está configurado por varios subesquemas), c) conteñen variables e d) a súa activación supón o emparellamento da información que se está a procesar, a través de procesos activos, de abaixo-arriba, guiados polos datos, e de arriba-abaixo, guiados conceptualmente .

Thorndyke (1984) resume as características comúns dos esquemas nas seguintes: 1) son unha serie de estruturas de coñecemento organizadas na memoria, 2) derívanse da experiencia pasada e 3) poden ser recuperados para guiar a comprensión e a memoria. En liñas xerais, un sistema cognitivo que utiliza esquemas como representación do coñecemento procesa a información a través do emparellamento da nova información co esquema. Isto é, a información entrante é comprendida se *encaixa* cun esquema ou configuración de esquemas.

trouse fundamentalmente en tres áreas: 1) psicoloxía cognitiva do razoamento, 2) xuízos sobre probabilidade e incerteza e 3) xuízo social.

Trátase dun tema controvertido, porque o mesmo termo *nesgo* ten un significado pexorativo, xa que se lle atribúen, polo menos nalgúns ocasións, connotacións negativas. En xeral, aos psicólogos interesados en estudar experimentalmente os nesgos e erros no razoamento humano acúsase-lles de defender unha conduta irracional dos seres humanos en razoamento, elaboración de xuízos e toma de decisións. O filósofo Johnatan Cohen lanzou un ataque frontal contra todas aquelas investigacións que estudaban os erros e nesgos en tarefas experimentais de razoamento; ao seu xuízo, supoñían unha defensa da irracionalidade do pensamento humano.

En realidade, un *nesgo* indica un erro sistemático, non debido ao azar, en relación cun sistema normativo, como a lóxica estándar (*nesgos* en razoamento) ou a teoría da probabilidade (*nesgos* en xuízos de probabilidade e inferencia estatística). O interese polo estudo dos nesgos cognitivos en inferencia humana provén dos traballos pioneiros de Amos Tversky e Daniel Kahneman, que comprobaron que os suxeitos xulgan a probabilidade de sucesos en función da facilidade con que lles veñen á mente exemplos do suceso, e que avalían a probabilidade dun suceso incerto segundo o consideren ou non representativo da poboación á que pertence. Para explicar estes nesgos en xuízos con incerteza e inferencia estatística, os autores propuxeron que as persoas utilizamos determinados *heurísticos*, como a accesibilidade e a representatividade.

Un *heurístico* fai referencia a unha estratexia cognitiva, similar a certos que utilizamos as persoas, para razoar e resolver problemas na nosa vida cotiá. A utilización destes procedementos heurísticos é un signo de intelixencia e de adaptación ao medio, onde resultan moi eficaces. Proporcionan conclusións pragmaticamente útiles e, con frecuencia, conclusións lóxicamente correctas. Pero tamén poden provocar nesgos e erros ao razoar con tarefas experimentais.

### 6. A teoría de procesos heurísticos-analíticos

Evans propuxo que o concepto clave para explicar a atención selectiva do suxeito a certa información mentres resolve unha tarefa de razoamento non é o de accesibilidade senón o de *relevancia*. Como se pode apreciar na Figura 2, Evans propuxo que o razoamento ten lugar no que denominou *estadio analítico* e que previamente existe unha selección preconscious da información psicoloxicamente relevante, nun *estadio heurístico*. Os procesos heurísticos son totalmente inconscientes, pre-atencionais, e determinan a información á que atende o suxeito e sobre a que pensa. Esta selección da información relevante lévase a cabo en función de factores lingüísticos e pragmáticos.

cos ou estruturas de coñecemento abstractas inducidas a partir da experiencia, mentres que Cosmides defende que a mente humana dispón dun conxunto de algoritmos innatos de propósito especial.

- O nivel de representación é máis xeral no caso dos esquemas pragmáticos que no do contrato social.
- A teoría de esquemas pragmáticos postula regras de produción condición-acción, mentres que a representación na teoría do contrato social é en termos de custos-beneficios.

### 5. A cuestión do nesgo en razoamento pragmático

Jonathan Evans considera que as tres cuestións principais sobre as que se centran as diferentes alternativas teóricas en razoamento son: 1) a competencia, 2) o contido e 3) o nesgo. Tanto a teoría de regras formais como a teoría de modelos mentais se centran na cuestión da competencia. Ambas as dúas propoñen mecanismos universais de razoamento; a primeira, baseada en regras de inferencia de propósito xeral e a segunda, na elaboración de modelos mentais. Á súa vez, as teorías de esquemas pragmáticos e a teoría do contrato social céntranse en explicar a cuestión do contido; é dicir, na importancia do coñecemento pragmático, do mundo real, no razoamento.

Non obstante, existe unha terceira cuestión clave se queremos estudar como razoamos, precisamente da forma que o facemos, na nosa vida cotiá: que factores causan erros sistemáticos en razoamento e que nos din estes nesgos sobre a natureza do razoamento? En efecto, en todas as investigacións empíricas se observa que suxeitos, adultos e intelixentes, cometen erros cando teñen que resolver tarefas experimentais de razoamento, mesmo cunha estrutura formal moi sinxela.

Cada un dos enfoques teóricos ofrece explicacións diferentes destes erros. Así, os teóricos que defenden a utilización de regras formais de inferencia atribúen os erros a dous factores: a) o número de pasos necesarios para levar a cabo a derivación e b) a maior ou menor accesibilidade das regras necesarias para realizar a derivación. A teoría de modelos mentais atribúe os erros en razoamento a 1) o maior número de modelos mentais requiridos para a resolución dun problema e 2) as limitacións na memoria operativa.

Á súa vez, a teoría de esquemas pragmáticos formula que os erros poden producirse debido a 1) a maior ou menor dificultade no emparellamento de situacións concretas cos esquemas pragmáticos e 2) o grao de congruencia entre as inferencias xeradas polos esquemas e os da lóxica formal.

#### 5.1. Nesgos e heurísticos en razoamento

Dende esta perspectiva teórica trátase de responder á pregunta: por que o noso razoamento está influído ou nesgado por características lóxicamente irrelevantes da tarefa? En xeral, o estudo dos nesgos cognitivos cen-

### 3.2. Teoría de esquemas pragmáticos

Patricia Cheng e Keith Holyoak formularon a teoría de esquemas pragmáticos para explicar a influencia do contido no razoamento condicional. Propón que o noso razoamento cotián está guiado por un conxunto de regras, sensibles ao contexto e específicas de certos dominios, denominadas *esquemas pragmáticos*. Estes esquemas son estruturas de coñecemento abstractas, que inducimos a partir das regularidades que observamos en situacións concretas do mundo real. Desta forma, induciríamos esquemas de permiso, esquemas de obriga e esquemas causais.

Esta teoría diferénciase das teorías de regras formais e das lóxicas naturais en que os esquemas están compostos por un conxunto de regras sensibles ao contexto, non de regras meramente sintácticas. Tamén se opón aos enfoques segundo os cales as persoas recorren á súa experiencia previa para resolver tarefas de razoamento, recuperando da memoria exemplos e contra exemplos específicos.

A teoría predi que a execución dunha tarefa de razoamento será facilitada cando o problema lle permita ao suxeito evocar un determinado esquema pragmático e cando este esquema posibilite respostas que encaixen coas da lóxica formal. Polo tanto, os erros poden deberse a un dos seguintes factores: 1) os problemas non permiten o emparellamento cun esquema pragmático e 2) as inferencias xeradas polo esquema dispoñible non están conformes coas da lóxica formal.

A teoría de esquemas pragmáticos propón que:

- As persoas utilizamos regras específicas de dominio no noso razoamento cotián. Estas regras non son sintácticas, senón sensibles ao contexto.
- O razoamento natural lévase a cabo a través dun proceso de emparellamento do problema con esquemas de razoamento pragmático. Un mesmo esquema pode ser utilizado en problemas diferentes, pero relacionados, o que facilita o razoamento por analogía.
- Estes esquemas son estruturas abstractas de coñecemento, que se orixinan a través dun proceso de indución, a partir das regularidades observadas en situacións da vida real.
- Algúns destes esquemas fan referencia a situacións de causalidade (esquemas causais) e outros a situacións deónticas (permisos e obrigas). Cada un destes esquemas pódense resumir en catro regras de produción.
- A dificultade dunha tarefa de razoamento aumenta se o problema non permite un emparellamento cun dos esquemas de que dispón o suxeito ou se non existe unha correspondencia entre as inferencias derivadas do esquema e as das regras da lóxica formal.

### 3.3. Críticas á teoría de esquemas pragmáticos

A teoría de Cheng e Holyoak proporciona unha explicación convincente do efecto facilitador de certos contidos en diversas tarefas de razoamento. Ademais, os resultados das súas propias investigacións apoian a utilización de esquemas no razoamento cotián. Por unha parte comprobaron que a presentación de regras de permiso abstractas facilitaba a tarefa de selección e, ademais, o adestramento na utilización de esquemas melloraba a execución da tarefa, mentres que esta non se vía afectada polo adestramento con regras lóxicas. Esta demostración de efectos selectivos para regras abstractas non convencionais é dificilmente explicable dende alternativas de razoamento baseadas en regras sintácticas, na recuperación de contra exemplos específicos ou en modelos mentais.

Agora ben, varios autores teñen unha posición crítica en relación coa teoría de esquemas pragmáticos. Na literatura hai un intenso debate teórico entre os defensores e os detractores da utilización de esquemas no razoamento cotián. Por unha parte, algúns autores formularon que o efecto facilitador rexistrado na tarefa de selección non se debía á evocación de esquemas senón a outros factores, relacionados coa presentación da tarefa. Por outra banda, xurdiron alternativas teóricas, como a teoría do contrato social, que cuestionaron o concepto mesmo de esquema.

### 4. A teoría do contrato social

Leda Cosmides formulou unha alternativa á teoría de esquemas pragmáticos. Coincide co enfoque de esquemas en que é unha teoría específica de dominio, pero fronte á formulación de Cheng e colaboradores, centrada en regulacións de contexto social, adopta unha aproximación ao razoamento dende unha perspectiva da evolución. A teoría do contrato social propón que as persoas utilizamos procesos cognitivos especializados en razoar en situacións de intercambio social.

Cosmides argumenta que a supervivencia da especie humana non sería posible se non dispuxésemos dunha serie de algoritmos darwinianos, innatos. A mente humana dispón dunha serie de algoritmos específicos de dominio para resolver importantes problemas adaptativos. De feito, se a selección natural modelou a forma de razoar de ser humano, *o razoamento sobre diferentes dominios debería estar guiado por diferentes procesos cognitivos, dependentes do contido* (Cosmides, 1989, p. 193).

O intercambio social foi unha condición necesaria en todas as culturas humanas. A cooperación entre dous ou máis individuos para beneficio mutuo, aínda que rara bioloxicamente, está presente en toda a evolución da especie humana, constituíndo unha necesidade para a vida ecolóxica e histórica do ser humano. Polo tanto, para Cosmides é necesario que a mente humana: 1) dispoña de algoritmos que producen e operan sobre representacións de interaccións en situacións de intercambio social, avaliando os custos e beneficios de diversos cursos de acción e 2) inclúa procedementos inferenciais

que permitan unha detección de enganados en contratos sociais, posibilitando a busca daqueles individuos que aceptan o beneficio no intercambio sen pagar o custo requirido.

En síntese, a teoría do contrato social:

- É unha aproximación modular ao razoamento humano.
- Propón algoritmos de contrato social, que operan sobre representacións de custo-beneficio.
- Defende que a mente dispón de algoritmos de contrato social porque o intercambio social é un dominio crucial, dende a perspectiva da evolución.
- Nestes algoritmos darwinianos para razoamento sobre intercambio social foron programados procedementos que permiten unha boa detección de “enganados”, porque o fallo na súa busca podería supoñer un alto custo para a supervivencia.

#### 4.1. Contrato social versus esquemas pragmáticos

Segundo Cosmides, as regras de contrato social son as únicas que proporcionan un forte efecto de facilitación na tarefa de selección. Como era de esperar, esta formulación deu paso a un intenso debate na literatura.

A primeira reacción proveu de Cheng e Holyoak, os que consideraron que os *custos* e *beneficios* da teoría do contrato social poden incluírse como casos particulares das *accións* e *precondicións* dos esquemas de permiso, co cal a teoría do contrato social quedaría incluída como un caso específico dentro da teoría, máis ampla, de esquemas pragmáticos. Son moitos os autores que resumiron os resultados empíricos que non pode explicar a teoría do contrato social e a polémica dista moito de estar resolta.

En definitiva, a teoría de esquemas pragmáticos e a teoría do contrato social xurdiron como dúas alternativas rivais para explicar o efecto de facilitación do contido na tarefa de selección.

Existe unha serie de *características comúns* entre elas:

- Son teorías específicas de dominio. Non propoñen procesos de propósito xeral, como o enfoque lóxico ou a teoría de modelos mentais.
- Ambas as dúas se centran na cuestión do contido, mentres que o enfoque lóxico e a teoría de modelos mentais se centran na cuestión da competencia.
- Ambas as dúas son sensibles a unha serie de críticas comúns: a) especificidade de aplicación a certos dominios, coa conseguinte falta de xeneralización a outras áreas de razoamento, b) falta de parsimonia e c) pouca claridade en explicar como actúa o sistema cognitivo cando non pode activar a regra adecuada para resolver o problema.

Non obstante, tamén existen *diferenzas* entre ambas as dúas teorías:

- A diferenza crucial estriba en que, segundo Cheng e Holyoak, o razoamento está guiado por unha serie de esquemas pragmáticos